

Resolución do 5 de outubro de 2009 pola que se aproban as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 1 de abril de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e institucións culturais para a realización de actividades de promoción da lectura e a creación de clubs de lectura.

Vistas as solicitudes de subvencións destinadas ao fomento de realización de programas e actividades de promoción do hábito lector, en especial a creación e mantemento de clubs de lectura presentadas polas asociacións e institucións culturais sen ánimo de lucro, e tendo en conta o cumprimento dos requisitos e trámites establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

Vista a proposta da comisión de valoración prevista no artigo 6 da dita Orde do 1 de abril de 2009, e tendo en conta os criterios sinalados no seu artigo 6,

RESOLVO:

Conceder as axudas sinaladas no anexo ás asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais relacionadas coa realización de actividades de promoción do hábito lector e, en especial, a creación e mantemento de clubs de lectura, con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.432B.481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

As asociacións e institucións culturais ás que fai referencia esta resolución deberán xustificar a totalidade do orzamento antes do 1 de novembro do ano 2009, segundo o artigo 9 da orde de convocatoria do 1 de abril de 2009.

Notificarlles aos interesados esta resolución, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. No caso de optar

polo recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto o recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2009.

P.D. (Orde 2-5-2009)

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Secretario xeral da Consellería de Cultura
e Turismo

ANEXO

Achegas

Nº exp.	Entidade	Importe concedido (€)
1	Asociación Xuvenil-Cultural Os Xuncos	1.343,21
2	A.C.X. Monte Branco	277,67
3	Fundación Vicente Risco	1.443,30
4	Asociación Cultural de Veciños Fontenovoa	232,04
5	A.VV. Lares Unidos de Vilarmosteiro	207,69
6	Movimiento Juvenil Don Baltasar	176,09
7	A.C.D.R. Portas Abertas	2.012,26
8	A. de Dano Cerebral Sarela	1.429,56
10	Asociación Xuvenil O Castelo	73,75
11	Asoc. Cultural Compañía de María de Ferrol	1.250,00
12	Asoc. Alar Galicia	2.087,44
13	Asoc. para Promoción Social e Intercultural	6.454,44
15	Apamp (Aso. Familias de Person. con Parálisis C.)	768,98
16	A. Universidade Popular de Verán de Corcubión	1.178,42
17	A.C. Carral Cultura Aberta	696,89
18	Asoc. Cultural Toxos e Carrouchas	1.015,57
19	Asociación Efa Fonteboa	1.151,33
20	Fundación de Estudos e Analises	2.825,97
21	A. Veciños de Puxedo	357,44
22	Sociedade Cultural Recreativa A Pombiña	198,66
23	A. Amigos da Cultura e do Ocio Aires Nossos	4.219,27
24	Asociación Benéfica Beiramar de Vigo	1.359,02
26	Asociación de Veciños Sueiro	391,30
27	A.MM. Anel	423,21
29	A.C. Garola	937,92
30	Asociación Xuvenil Entroido	60,20
31	Asociación Cultural San Roque de Morgadíns	122,42
32	Sociedade Cultural e Recreativa Leducia	318,31
34	Amigos dos Museos de Galicia	432,09
35	Asoc. Veciñal e Cultural O Souto	869,14
38	A. Teatral Aturuxo de Melpomene	397,32
39	Asoc. Sociocultural Violeta	94,82
40	Asociación Cultural Exponor	1.059,52
41	Ateneo Ferrolán	300,25
43	Asoc. Amas de Casa Consumidores y Usuarios	532,77
44	A.MM.RR. Fiveda	657,53
45	Agrupación Musical do Rosal	710,21
46	Alcer-Lugo	189,63
47	Feder. de Asociacións Mulleres Anaral	411,77
48	Asociación Cultural Arrincadeira	1.088,66
49	Asoc. Cultural Terras do Incio	76,53
50	Centro Social e Deportivo de Estas	339,98
51	Asoc. Sociocultural de Minusválidos	2.133,37
52	Asociación Socio-cultural Tá	446,99
53	Implicadas/os no Desenvolvemento	5.577,70
54	Asociación Veciños e Veciñas San Martiño	297,99
55	Centro Animación Rural Sta. María de Xares	3.717,35
57	Asoc. Galega de Estudos Sociais (Ages)	1.467,38
59	Asoc. Cult. Mulleres e Familiares Rural Leilía	106,42
61	Agrupación Deportiva da S. Palaestra	394,61
68	A. Lonxa Literaria de Moaña	83,53
69	As. Centro Social Chan das Pipas de Saxamonde	48,01
71	A. Espazo Lectura	6.511,83
72	Asociación Cultura Deportiva y Recreat. A Rúa	3.266,98
75	A.C. Airiños do Xunco	71,11
76	Asociación Xermolos	1.350,89
78	Federación Provincial MM. RR. de Ourense	1.601,32
79	Asoc. Mulleres Rurais e Consumo 25 de Xulio	81,27
80	As. Cult. Trevinca	171,57
81	Asoc. Mulleres Rurais Cimadevila	162,54
83	Asociación Belmar	225,75

Nº exp.	Entidade	Importe concedido (€)
84	Ateneo de Ourense	231,77
85	Asociación Xarela Formación-Animación	417,64
87	Asociación Sociocultural A Esmerga	2.532,92
89	Címo	1.083,60
90	Asoc. Prevención da Exclusion Social-Apes	1.715,70
91	Cultural, Medioambiental y Universitaria Syme	1.956,50
92	Asoc. MM.RR. Santa Rita	177,29
95	Asoc. Cultural Bande	571,09
96	Centro Cultural Rosalía de Castro	408,23
98	Asoc. Tres Castros	2.573,55
101	Asdega- Asoc. Desenvolvemento Galega	1.038,45
102	AA.VV. Santa María de Carballeda	1.715,70
103	Asoc. Cotomanguelo	445,63
105	AA.VV. de Vilouzas Albeiro	151,25
106	Centro C. Artístico e Recreativo Valladares	1.023,40
107	Clube Xubilados de Rianxo	586,95
110	Asociación Cultural Os Tres Reinos	1.726,99
112	Asoc. MM.RR. Santa Isabel	426,35
113	Asociación de Veciños e Usuarios de Beade	84,28
114	Sociedad Cultural Dep. Atlántida de Matama	367,67
115	Asociación de Veciños de Solveira	54,92
116	Asociación Mulleres Rurales De Solveira	441,25
117	Asoc. Cultural Vagalume Valdeorras	263,38
118	A.C. Brisas do Quenllo	391,30
119	A.M.I.C.O.S. da Barbanza	4.026,18
121	Asoc. Xuvenil Miudiño	372,49
122	Centro Cultural e Deportivo A Feira	72,24
126	Asoc. Mulleres Rurais Alambique	790,13
128	Asociación Veciñal de Teis	1.109,49
130	Centro Cultural e Social de Soutelo	203,18
131	Asoc. Xuvenil Areas	812,70
132	Asoc. Discapacitados Baixo Miño Vontade	714,88
135	Asoc. Xuvenil Amencer	387,36
136	Asociación Xogais	905,80
137	Club Gamboa	504,02
140	Asociación Veciñal, Cult. e Dep. San Xurxo	526,75
142	Asoc. Mulleres Rurais Albor	92,18
143	ADAFYC-Club Juvenil Doira	149,60
145	Asoc. Amigos do Museo Casa do Patrón	1.142,30
146	Asociación de Veciños de Anruide	157,27
147	Asociación Cultural Os Gaiteiros	215,97
149	Asociación Cultural A Pipela	262,16
151	Asociación Ruciro	4.949,95
155	Asociación Mulleres Xuntanza So Sar	115,13
156	Ateneo Eumés	406,35
157	Centro Cultural Deportivo Boiro	3.792,60
158	Sociedade Cultural e Gastronómica A Troita	623,07
159	Asociación Xuvenil e Cultural Itaca	826,25
160	Asociación Cultural O Galo	1.053,50
162	Asociación Socio-Pedagóxica Galega	1.489,95
163	Asociación Berxel Santiago	352,17
167	Asociación Imperio	1.556,17
169	Asoc. Cultural e Musical Os Trasnos da Gaita	65,09
171	A. Fam. Mull. Medio Rural Galicia (Afammer)	1.858,68
173	Asociación Cultural O Freixo	520,43
174	Asociación de Mulleres Rurais de Sarreaus	997,82
175	Asoc. Sociocultural Fonte Castiñeira	232,52
176	Asociación Aguía	480,10
177	Asociación Cultural Fuco Buxán	1.015,88
183	Feder. de Asociacións Mulleres Anaral	467,75

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 14 de outubro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 6 de agosto de 2009 pola que se regulan e se convocan as subvencións de apoio á viabilidade das explotacións leiteiras galegas.

Pola Orde do 6 de agosto de 2009 reguláronse e convocáronse subvencións de apoio á viabilidade

das explotacións leiteiras galegas (*Diario Oficial de Galicia* nº 156, do 11 de agosto de 2009).

No artigo 15 da orde, relativo ao financiamento destas axudas, detállase a aplicación orzamentaria o importe económico previsto para elas, e que a dita cantidade pode ser incrementada con fondos adicionais procedentes desta ou doutras administracións.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e facendo uso das facultades que me confire o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único

Primeiro.-Amplíase a dotación orzamentaria que se recolle na orde desta consellería do 6 de agosto de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 156, do 11 de agosto) pola que se regulan e convocan as subvencións de apoio á viabilidade das explotacións leiteiras galegas, nun total de oitocentos trinta e un mil cento trinta e catro euros con cincuenta e catro céntimos (831.134,54 euros), na aplicación orzamentaria 49.02.712B.772.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición transitoria

Única.-A ampliación orzamentaria prevista no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na Orde do 6 de agosto de 2009.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

Resolución do 5 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural, pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación María Antonia de Velasco González.

Examinado o expediente de recoñecemento e declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación María Antonia de Velasco González*, dítase